



## TEMA 1.- ARTE GREGA: COMENTARIO DO PARTENÓN

**a.- Identificación: título, autor, cronoloxía, cultura, estilo, movemento:** o Partenón ou Templo de Atenea Partenos é un edificio relixioso da arte grega realizado na Época clásica, no século V a.C., coñecido como "Século de Ouro" ou "Século de Pericles". Os seus autores foron Ictinos e Calícrates. A obra estivo supervisada na súa totalidade polo grande escultor Fidias. Está situado na Acrópole de Atenas (Grecia). O material empregado é mármore traído das canteiras do Pentélico. Orixinalmente estaba policromado.

**c.- Analiza e comenta a obra:** o templo é a construción fundamental da arquitectura grega, sendo o Partenón un dos cumios da arquitectura de todos os tempos e o templo grego máis perfecto. Está dedicado á deusa protectora da cidade de Atenas, Atenea Partenos. Atenea era a deusa da intelixencia, da guerra e da artesanía, e recibía o nome de Partenos, que significa Virxe. Conmemora a vitoria dos atenienses sobre os persas nas Guerras Médicas.

A súa planta é rectangular e presenta as seguintes salas:

- **Pronaos (1)** (pórtico que precede á naos coa que se comunicaba a través dunha porta): hexástila (tiña seis columnas diante).
- **Naos (2)** (sala máis importante do templo, onde estaba a imaxe da divindade): nela situábase a estatua de Atenea Partenos (de 12 metros.ç de altura) realizada por Fidias. Estaba



dividida en tres nave separadas por unha columnata<sup>1</sup> dórica de dous sos que sustiña o teito; a nave tral quedaba interrompida antes de chegar ao muro do fondo por cinco columnas horizontais polo que tiña forma de letra "U" invertida; con esta disposición da nave os fieis podían rodear a estatua de Atenea e vela totalmente.

- **Opistodomos (3)** (pórtico situado na fachada posterior do templo onde se depositaban os tesouros destinados á divindade): hexástilo (como a pronaos). No Partenón non está pegado á naos, entre ambos sitúase unha cuarta estanza que dá nome ao templo: a do Partenón.

<sup>1</sup> Fila de columnas.

- **Partenón (4)**: sala que non existía noutros templos e que dá nome a esta construción. Estaba destinada ás Panateneas (todo para Atenea): mozas virxes que dedicaban a súa vida á deusa. Nesta sala facíanse os preparativos para a procesión da Gran Panatenea, que se celebraba cada catro anos. Tiña planta cadrada e catro columnas xónicas no centro que percorrían a estancia do chan ao teito.


O templo levántase sobre escaleiras: os chanzos inferiores chámanse krepis ou estereóbata, e o superior, estilóbata. Os muros son de perpiaños unidos con grampas. As cubertas son arquiteadas: os teitos no interior son alintelados e no exterior presenta un tellado a dúas augas, formando na parte dianteira e traseira un frontón triangular. Nas esquinas do tellado e nos tres ángulos dos frontóns colocábanse figuras de aspecto fantástico chamadas acroterios.

É un templo períptero (rodeado por unha fila de columnas exentas) e octástilo (con oito columnas nas fachadas principal e posterior), de orde dórica, aínda que presenta trazos xónicos: as catro columnas xónicas da Sala do Partenón e o friso continuado que percorría exteriormente as salas. A orde dórica é a menos ornamentada e a máis xeométrica (menos naturalista). Presenta de abaixo arriba os elementos seguintes:



A orde dórica é a menos ornamentada e a máis xeométrica (menos naturalista). Presenta de abaixo arriba os elementos seguintes:

- **Columna**: carece de base. **Fuste**: percorrido verticalmente por estrías vivas (en torno a 16), diminúe de diámetro cara a arriba. **Capitel**: sinxelo e xeométrico (pouco naturalista); está composto por dúas partes ou pezas: **equino**: parte inferior con forma de disco, **ábaco**: parte superior con forma cuadrangular. A columna dórica evolucionou desde a época arcaica (pouco proporcionada, pequena e ancha) ata a época clásica (máis proporcionada, alta e estreita). Relaciónase co corpo masculino.
- **Entaboamento**: parte da construción situada enriba das columnas. De abaixo arriba consta das seguintes partes: **arquiteabe**: viga horizontal; **friso**: viga horizontal di-




vidida en tríglicos (partes cuadrangulares recorridas verticalmente por tres estrías) e métopas (partes cuadrangulares decoradas con relevos); cornixa: viga estreita e sobresaínte situada debaixo do tellado.

O templo ideal para os gregos era o de pequenas dimensións. O Partenón é un templo grande, o cal se debeu ao seguinte: tralo triunfo ateniense na primeira Guerra Médica, empezárase a construír un primeiro Partenón hexástilo e de pequenas dimensións (destruído na segunda Guerra Médica). Ao rematar as Guerras decídese construír un templo de maiores dimensións e octástilo. As causas deste cambio debéronse a que na naos, Fidias ía colocar a enorme estatua de Atenea polo que necesitaba que o templo fose máis grande do habitual. A pesar do seu enorme tamaño, semella un templo feito á medida do ser humano.

O Partenón está sometido a unhas rigorosas proporcións matemáticas buscando a beleza. Esta proporción obsérvase tamén nas columnas das fachadas: a principal e a posterior teñen 8 e as laterais 17 (o dobre+1, que para os gregos é a proporción ideal).

Neste templo os arquitectos fixeron unhas correccións ópticas coa finalidade de que parece-se recto, harmónico e proporcionado: os muros e as columnas inclínanse un pouco cara a dentro, así parecen rectos (se fosen rectos semellaría que se veñen enriba do espectador), as escaleiras arquéanse cara ao centro, así parecen rectas (se fosen rectas, semellarían afundidas



nesa parte central), os intercolumnios<sup>2</sup> son máis estreitos a medida que se separan da parte central, así parece que teñen a mesma anchura (se tivesen a mesma anchura, a medida que avanzamos cara ás esquinas semellarían máis estreitos), as catro columnas das esquinas son máis grosas que o resto, así parece que todas teñen o mesmo grosor (se tivesen o mesmo grosor semellarían máis estreitas), o fuste ten un lixeiro ensanchamento

no centro chamado éntase (se non o presentara semellaría afundirse no centro)...

O templo grego era só a residencia da divindade, non un lugar de oración dos fieis; as cerimonias de culto en honor da divindade celebrábanse fóra do templo, de aí que o espazo interior non teña importancia: é unha arquitectura para ser contemplada desde o exterior. Se a isto lle engadimos que estaba feito a escala humana e no exterior estaba policromado con cores chamantes (vermellas, azuis, douradas) e posuía diversa decoración, o templo invitaba ao espectador a rodealo como se fose unha escultura. Polo tanto, podemos afirmar que os templos gregos máis que arquitecturas son enormes esculturas.

<sup>2</sup> Espazos que quedan entre as columnas.

O Partenón tiña unha abundantísima decoración escultórica (neste aspecto é tamén un templo singular): relevos realizados por Fidias que se situaban nas 92 métopas (decoradas con relevos que representan loitas mitolóxicas), frontóns (escenas mitolóxicas sobre Atenea) e no friso que percorría exteriormente as salas no que se representaba a Procesión das Panateneas.

